

EDITORIAL GALAXIA S.A.

Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas , que se celebrará en Vigo, na sede social na Avda de Madrid 44 – baixo, o día 21 de xuño de 2019 ás cinco da tarde, en primeira convocatoria, ou, no seu caso, o día 22 á mesma hora, en segunda, baixo a seguinte:

ORDE DO DÍA:

1.- Exame e aprobación, no seu caso, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2018

2.- Proposta de reforma do artigo 24 dos estatutos, cambiando os cargos que o Consello designará entre os seus membros:

“DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN: Artigo 24º.- Cargos.-

1.- O Consello designará entre os seus membros, o seu presidente e secretario, así como un vicepresidente primeiro e un vicepresidente segundo, sempre que estes nomeamentos non os fíxese xa a Xunta, ao tempo da elección ou viñesen ocupando estes cargos ao ser reelixidos. O secretario poderán ser ou non conselleiro, e neste segundo caso terá voz pero non voto.

2.- O nomeamento dos conselleiros surtirá efecto desde o momento da súa aceptación e deberá ser presentada para a inscrición no Rexistro Mercantil dentro dos dez días seguintes á data daquela, facéndose constar os nomes, apelidos e idade, se fosen persoas físicas, ou a súa denominación social, se fosen persoas xurídicas e, en ambos os casos, o seu domicilio e nacionalidade

3.- Nomeamento de Conselleiros.

4.- Propostas e preguntas

5.- Aprobación da acta ou designación de interventores ao efecto.

Os accionistas, dentro dos trinta días anteriores á celebración da Xunta, poderán examinar no domicilio social e obter de maneira inmediata e gratuíta unha copia dos documentos que serán sometidos á aprobación da mesma ou ben recabar o seu envío

Vigo, 14 de maio de 2019

Antón Vidal Andiñón
Presidente do Consello de Administración